



CONCELLO DE ARANGA

CORRECCIÓN DE ERROS.- CONTRATACIÓN OBRAS INCLUIDAS NO POS +2017.-

Detectado erro no anuncio publicado no perfil do contratante da páxina web do concello, relativo á contratación das obras de “Mellora da pavimentación na parroquia de Cambás” e “Mellora da pavimentación na parroquia de Muniferral”, procédese a súa corrección.

Concretamente no prego de cláusulas administrativas particulares que rixen a contratación, no anexo relativo aos criterios de valoración das ofertas, por erro solo aparece marcado o apartado da oferta económica pero os criterios a ter en conta, lóxicamente, son todos os indicados no anexo V.

No anuncio de contratación onde se indica que o prazo de presentación, débese ter en conta que os sábados son días inhábiles polo que cando o prazo remata en sábado o prazo de presentación da documentación, se traslada ao primeiro día hábil seguinte.

O que se fai público para xeral coñecemento , tendo en conta que o prazo de oito días para a presentación de ofertas empezará a contarse a partir da publicación desta corrección.

Aranga, 18 de agosto de 2017

O Secretario accidental

Asdo Jose Vázquez Santé

